

PLENO DO EXCMO. CONCELLO. - NUM. 9

SESION EXTRAORDINARIA DO 25 DE ABRIL DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María Xosé
Bermúdez Pérez, Silvia	Molares Pérez, Lucía Emilia
Calviño Rodríguez, Julio	Pérez Mariño, Ventura
Coello Bufill, Antonio	Polo Lima, María Soledad
Comesaña Abalde, Carlos	Porteiro García, María Josefa
Couto Pérez, José Manuel	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figueroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Graña Barcia, María Luisa	Vieitez Alonso, Henrique
Guerra Fernández, Javier Jorge	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as once horas e corenta minutos do día vintecinco de abril do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, dona Marta Iglesias Bueno e maila Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.- (79) ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO Á CARTA DE VITORIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de marzo de 2005 o presidente da Federación Española Municipios e Provincias traslada acordo adoptado nas xornadas realizadas en Vitoria co gallo dos 26 anos de constitucións dos Concellos democráticos nas que se aprobou a denominada "Carta de Vitoria". Por acordo unánime a Comisión Executiva da Federación Española de Municipios e Proinvicias, insta a todos os Concellos e demais estamentos para que o día 19 de abril se realice, ás 12,00 horas, un Pleno extraordinario cun único punto na orde do día de adhesión á devandita carta.

Convocado o Pleno para a citada data tivo que se suspender debido a causas de forza maior quedando convocado para o día de hoxe.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Déixenme dicirlles para que me entendan rapidamente que o Partido Galeguista vai votar en contra desta moción, faríao mil veces mil e así ata o infinito.

Na nosa opinión vin poucos ataques ó sistema do Estado autonómico que temos en marcha dende a Constitución que se aprobou no seu día coma esta Carta de Vitoria. Ten dous ou tres contidos que coido absolutamente fóra de lugar se non fose porque ó mellor quen é Presidente da FEMP é perfectamente coñecido por dúas cousas: polos moitos ben quefaceres coma Alcalde da Coruña en tantas cousas e coma un antiautonómico, antisistema de pro en tantas outras porque cadra co seu pensamento que é antitético co que pensamos outros.

Para non gastar moito tempo nun tema coma este porque imos ver qué fan o Partido Popular e o Partido Socialista pero, coma presupoño en principio o que van facer, déixenme dicir dúas ou tres cousas.

¿Por qué estou a facer un pronunciamento tan duro? O Partido Popular púxolle moitas chatas á Conferencia de Presidentes. O Partido Popular para a realización da última Conferencia de Presidentes montou unha trifulca pública e notoria que só o Sr. Fraga arranxou cun proxecto que era fundamental e historicamente de el, as cousas son coma son. Só a firmeza do Sr. Fraga fixo que esa Conferencia se realizase porque o Partido Popular estaba radicalmente en contra e o Partido Socialista era o que turraba desa situación.

Dáse esa situación, lévanna vostedes adiante e agora fanlle un ataque conxunto ó fronte principal dese tema dicindo que por qué non entra o Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias na Conferencia

de Presidentes; pero en calidade de Presidente ¿de qué Estado autonómico ou de qué nación ou rexión autonómica?

A Conferencia de Presidentes resposta a un criterio político de conformación dun Estado autonómico sen ir máis aló, sen que algúns poideramos dicir -que o dicimos en voz alta- que hai redaccións nese artigo que din "da nación española". A min a nación española seméllame estupendamente ben, estou moi a favor de que a nación española por se acaso se consolide todo o que poida e ademais o Partido Galeguista vai axudar en todo o que poida e saiba a que se consolide coma nación; pero saiban tamén que en pé diso teremos que o dicir porque o imos facer dende o concepto político da nación galega e polo tanto falar con termos absolutos ou absolutistas, podería dicir, do termo nación coma se fai neste documento é unha negación ó dereito dos pobos que nos consideramos nación ou a xentes que coidamos que os nosos pobos son nacións.

Ademais deses embates á conformación do Senado tamén lle fan outra. Cando se ven discutindo dende hai tempo que o Senado debe ser a Cámara de organización política territorial para consolidar o Estado das autonomías, falan de que entren representantes dos Concellos no Senado o que é dinamitar absolutamente o proxecto autonómico nesa conformación, é dicir, que sega o Senado coma está ou no seu caso dinamitemos o concepto autonómico e polo tanto que entren Concellos. Por certo, deberamos crear as xuntas de freguesía e ó mellor tamén traerían as xuntas de freguesía e non sei qué cousas máis.

Por último consagran o tema das provincias coma se fosen Deus nun apartado concreto sen pensar que hai xentes en distintos países de España, xentes que pensamos en Galiza doutro xeito, que coidamos que hai que ir a un modelo de organización territorial nese sentido tamén diferente. Algúns poñemos énfase nas comarcas, os cataláns poñen énfase nas veguerías, etc.

Desas varias razóns que acabo de dicir, calquera delas sería suficiente para que o Partido Galeguista votara non a este documento; todas elas conforman o que se quere: meterse no eido das autonomías dende o punto de vista da organización política. Déixenme dicir que estamos a favor de moitos conceptos municipalistas que hai neste documento, ¿cómo non imos estar a favor de que os Concellos teñan as cotas de autonomía que deban ter, ou que deban ter temas competenciais que aí se debuxan nos que as Comunidades Autónomas están intervindo na nosa opinión indebidamente en moitos aspectos?

Dito doutro xeito, discutamos qué competencias poden ter e ademais participamos e compartimos o criterio da subsidiariedade, fagan os Concellos o que poidan, a seguir a Administración autonómica e logo quede o Estado na última escala de nivel para os temas competenciais; tamén compartimos esa filosofía de fondo. Pero o que está claro é que non compartimos nin compartiremos nunca dende o Partido Galeguista é a filosofía que pretende meterse politicamente na estrutura do Estado metendo ós Concellos "de rondón" para descafeinar o poder político dos entes autonómicos ou chámelles coma queiran, nacións ou países que conforman o Estado español.

Coma non estamos de acordo con todo iso, son razóns dabondo para nós para lle votar rotunda e enfaticamente en contra desta chamada Carta de Vitoria que para o municipalismo pode estar moi ben, que o está en moitos aspectos pero que para min, como dicía ó principio, é un ataque sen precedentes ó Estado autonómico.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar dende o BNG teño que dicir que partimos dunha base fundamental logo de reflexionar e de ler profundamente esta declaración da Carta de Vitoria.

Partimos dunha base de que esta declaración é sen lugar a dúbidas unha confrontación clara e total contra o poder das autonomías, das Comunidades Autónomas. Isto é así porque situa ás cidades nun plano de igualdade con respecto ás Comunidades Autónomas e que polo tanto está equiparando dúas realidades que son totalmente distintas. Digo isto porque na propia declaración dícese claramente: "...un novo estatuto do Goberno local, o recoñecemento constitucional dos municipios, das provincias e illas coma nivel de Goberno territorial autónomo".

Loxicamente non podemos estar de acordo con esta equiparación. Dende o BNG vimos apostando e apostamos sempre por un modelo propio de organización territorial baseado nas comarcas, nas rexións urbanas ou baseado mesmamente nas áreas metropolitanas.

Lendo esta declaración un se ten que preguntar para qué os grandes esforzos que todas as forzas políticas, que o anterior Goberno tivo a ben desenvolver para dotar a Vigo e ó seu contorno dunha area metropolitana viguesa. Realmente profundizando e reflexionando en torno a esta declaración eses esforzos foron ou serán cando menos baladíes se nos atemos ó que se pretende con esta declaración.

Semella que agora queremos constituir as cidades-estado para poder facer señoríos feudais; isto é o que realmente se desprende desta lectura. Non é casualidade efectivamente que quen preside a Feración Española de Municipios e Provincias, D. Francisco Vázquez, sexa unha persoa que mostrou sempre a súa insolidariedade co resto de Galiza. Non é casualidade de que este Presidente sexa o impulsor desta declaración cando loxicamente nin siquiera respecta as propias leis que a mesma Comunidade Autónoma marca, seica se trata ó mellor de dotar dese poder infinito ás cidades para ó mellor cambiar tamén as propias leis e definitivamente poder poñerlle o "L" á Coruña, ou para poder reabrir novos debates coma este señor ven reabrindo sistematicamente en canto á capitalidade e en canto a outra serie de cousas.

Nós pensamos que se realmente se lles quere dar protagonismo ós Concellos este non está nos papeis, nin está tampouco naquelas representacións que lles queiramos atribuir; o protagonismo dos Concellos, ou así entédeo o Bloque Nacionalista Galego, está sendo impulsores de políticas de xustiza social, de verdadeiras políticas de participación democrática e sobre todo o protagonismo dos Concellos ten que estar na procura da igualdade de oportunidades que sexan quen de elevar o benestar social dos nosos cidadáns. O protagonismo dos nosos Concellos non pode estar nas declaracións ou nesas representacións, senón que o protagonismo claro e verdadeiro dos concellos ten que estar na cercanía que sexamos quen de lles ofertar ós nosos representados.

Pero esta cercanía non pode ser utilizada para desvertebrar á nosa sociedade, para desconexionar o ámbito que é propio de cidades coma a nosa, de vilas e de pobos coma é o ámbito do noso propio País, o ámbito de Galiza. Polo tanto a Carta de Vitoria desvertebra, ó definiren os poderes locais, nomeadamente ás cidades coma parte integrante do Estado e ademais non as considerando en ningún caso coma institucións de ámbito autonómico.

Leo textualmente algo que coido moi grave: "...Os poderes locais -di a Carta- son á vez órganos de xestión e institucións públicas, son parte integrante do Estado e conforman un dos tres niveis da súa estrutura administrativa gozando de plena autonomía nas funcións que lles son propias e non sendo en ningún caso institucións de ámbito autonómico". ¿A qué ámbito nos imos remitir as cidades, as vilas ou os pobos que configuran o noso País?

En ocasións téñennos acusado ó Bloque Nacionalista Galego de querer romper a estrutura do Estado, téñennos acusado sinxelamente por formular e poñer

enriba da mesa que queremos un modelo de organización distinto onde Galiza teña un nivel distinto de relación co Estado español, reivindicación ademais lexítima que aparece reflectida no actual Estatuto e tamén na actual Constitución Española.

Algúns acusábanos e acúsannos de querer rachar o Estado ó formularen sinxelamente un modelo de organización distinto onde Galiza poida ter unha relación que lle leve ocupar o sitio que lle corresponde dentro do Estado plurinacional coma é o Estado español. Os que nos acusan disto queren inventar agora ou semella que van inventar as chamadas "ciudades independentes". Se iso, compañeiros e compañeiras de Corporación, non é rachar un modelo mesmo de Estado e mesmo de país, non sei qué será.

Cando falamos de máis competencias para os Concellos o BNG tamén as reclama loxicamente, pero estas competencias se deben entender e esta redistribución das competencias debe realizarse dende o Estado ás propias Comunidades Autónomas e teñen que ser estas loxicamente ás que á súa vez reasignen as funcións que lles competen ós propios concellos porque é o único xeito de que esas competencias teñan o abeiro e o apoio que realmente teñen que ter para realizar as funcións que os Concellos estamos chamados a asumir.

¿Cómo ten cabida neste deseño que se formula na Carta de Vitoria o famoso Pacto Local? Dende hai moitos anos todas as forzas políticas galegas con representación levamos feito un traballo de poñérmonos de acordo para consensuar un pacto local que realmente defina e reasigne cal é a función dos Concellos galegos e a súa relación coa propia Xunta de Galiza e co propio Estado. ¿Onde queda ese consenso no Pacto Local con esta declaración? Evidentemente queda absolutamente esquecido.

Logo citábase a integración no Senado partindo ademais dun erro monumental porque os Concellos non temos capacidade lexislativa, non podemos articular leis e o Senado é unha Cámara lexislativa. Pero ademais cando se está falando dos esforzos que hai que facer para que a nova reorganización do Senado represente realmente unha Cámara territorial e unha Cámara onde se faga constancia e se visualice o verdadeiro Estado plurinacional, pretender que os Concellos teñan representación no Senado é tanto coma pretender que esta Cámara quede absolutamente sen contido e non esquezamos que é unha Cámara que elixen na súa meirande parte directamente os propios cidadáns e na que ademais xa hoxe existen Senadores e Senadoras de designación propiamente autonómica. ¿Maxinan vostedes un Senado onde un Alcalde da Coruña, ou de Valencia, ou León, etc., decida incorporar alí as súas

demandas localistas? ¿Realmente é iso vertebrar un Estado ou vertebrar un País coma o noso?

Por último, cítase tamén na propia Carta de Vitoria o paralelismo que hai co famoso Comité das Rexións e esquecese tamén un erro monumental que é que o Comité das Rexións Europeas é sinxelamente un modelo meramente consultivo.

Xa para rematar salienta a incongruencia que a nós nos parece que existe nesta Carta de Vitoria; por poñer un exemplo, cando sinxelamente se cita a representatividade da Federación Española de Municipios e non se cita para nada cal é o papel que teñen que tomar institucións coma a propia FEGAMP, Federación Galega de Municipios e Provincias, ou qué papel teñen que tomar as Federacións de Concellos de Cataluña ou as Asembleas Municipais de Euskadi.

Cando por un lado se está pedindo que Galiza teña representación naquelas institucións onde se vai falar e poñer enriba da mesa as cuestións que atinxen ó futuro do noso propio País, cando se está pedindo que Galiza teña representación en Europa e que as propias Autonomías poidan ter representación directa nesa Unión Europea, é unha absoluta contradicción que os intereses dos nosos concellos, dos Concellos galegos, queden subordinados única e exclusivamente a unha representación estatal coma é a da FEMP.

O BNG quere que Vigo sexa unha grande cidade, que coma cidade sega a ser o grande motor de Galiza e a súa primeira cidade, pero os nacionalistas o queremos dende a integración do noso contorno, dende a integración do noso territorio, dos nosos pobos e das nosas vilas que configuraron dende sempre e configurarán o noso crecemento coma urbe, integrándonos en Galiza pois sabemos que Galiza sen Vigo non ten futuro, pero tamén sabemos e estamos convencidos de que unha cidade coma Vigo sen Galiza perdería o seu ámbito lóxico de actuación e a súa función histórica que cidades coma a nosa teñen que acometer para contribuir dende aquí ó futuro e ó desenvolvemento económico do noso País.

Os localismos desaforados para outros; para o Bloque Nacionalista Galego non. Os membros que compoñemos o Grupo municipal do BNG seguiremos loitando sempre pola defensa dos intereses da nosa cidade, porque a nosa cidade sega medrando sempre pero integrándoa dentro do que é noso e só noso: o noso País, Galiza.

Por estas razóns lóxicamente queda claro que o Bloque Nacionalista Galego tamén vai votar en contra desta declaración de Vitoria.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Compañeiros e compañeiras da Corporación, co maior respecto, por suposto, á posición expresada polos Grupos que xa interviron, eu queredría chamar á reflexión sobre algo que non se presenta contra nada senón a favor dun municipalismo. Non deberíamos (dende logo o noso Grupo non o entende) interpretar esta Carta de Vitoria coma unha arma que se quere botar enriba das Autonomías nin por suposto tampouco do Estado, senón coma algo que lle fai xustiza ó papel que nos 25 anos que levamos de Gobernos democráticos en España cumpriron os Concellos. Iso é unha obviedade e unha evidencia que se recolle nas declaracións das reflexións previas que se fan ó propio texto decálogo do municipalismo do Século XXI que fai un repaso do que supuxo o papel dos Concellos na consolidación da democracia en España, na aproximación ós cidadáns da xestión pública, na descentralización e na asunción de servizos que a demanda da sociedade foi facendo necesario que dende algunha instancia pública se atendesen.

Cando en ningún estamento da Administración Central se falaba de violencia doméstica, en Concellos como o noso, por exemplo, traballábase dende hai xa máis de 15 anos para erradicar este problema creando servizos e estruturas que corren a cargo dos petos dos veciños e veciñas, é dicir, os Concellos foron abrindo camiños, foron prestando servizos que ata chegaren á democracia as cidades non prestaban. O Estado ten unha débeda pendente coas cidades e cos Concellos para lles dar recursos para efectivamente poderen prestar servizos de calidade.

Isto é o que se pretende con este Decálogo, con esta Declaración de Vitoria que se fai agora porque é agora cando se conmemoran os 25 anos dos primeiros Concellos democráticos; conmemorouse o ano pasado.

Dase a circunstancia que hai un moi coñecido Alcalde dunha cidade galega ó fronte da Federación Española de Municipios e Provincias cando se conmemora este 25 aniversario e cando se fai esta reflexión.

A moitos dos que estamos aquí téñolles escoitado dicir que é a reforma fiscal pendente neste País e a que lle daría ós Concellos as posibilidades económicas e financeiras que lles permitan facer dignamente o seu traballo, traballo no que os Concellos foron moi por diante do que a Administración Central e a Autonómica foron quen de ir atendendo.

Polo tanto, señores e señoras membros da Corporación, entendo que sen ningún tipo de ánimo de belixerancia contra ninguén estar en contra desta Declaración de Vitoria e deste decálogo do municipalismo do Século XXI é ir en contra da propia historia e dos avances que neste momento os que estamos

coma cargos electos nun Concello deberíamos reivindicar coma propios. Baixo o meu modesto punto de vista e o non tan modesto senón moito máis cualificado punto de vista dos compañeiros do meu Grupo, non é para nada unha reivindicación localista, é unha reivindicación de xustiza.

Polo tanto non trabuquemos a parte co todo. Calificar esta Declaración de Vitoria coma obra unipersoal dun determinado Alcalde coido que é mesmo lle dar un exceso de importancia á persoa. Isto é o froito dun traballo e dunha deliberación de Concellos de todo o Estado Español, no que gobernan todas as forzas políticas posibles. Nin tan siquera é unha declaración que teña unha cor política concreta, para chegaren a este consenso, para chegaren a esta Declaración se escoitaron as voces de todos e todas os que tiveron experiencia no ámbito local, os que queren que os seus veciños e veciñas teñan unha mellor calidade de vida e os que reivindican que os Concellos sexan realmente esa peza do eslabón da Administración do Estado coa que, aplicando correctamente o principio de subsidiaridade e cos fondos económicos axeitados, os veciños e as veciñas vivan mellor e se sintan máis representados e representadas.

Polo tanto o noso Grupo evidentemente vai votar a favor pensando que isto que fai é unha aposta polo municipalismo e un favor á cidade de Vigo porque a cidade de Vigo precisa máis recursos, precisa capacidade para xestionar mellor os servizos públicos que dende hai moito tempo está ofrecendo ós cidadáns. ¿Cómo podemos estar en contra diso? ¿en qué medida somos quen ademais -eu dende logo non o creo- de pensar que un Concello non forma parte da Administración do Estado e que non ten un ámbito territorial propio? Iso é ir contra a propia evidencia.

Polo tanto nunca en contra, senón a prol das cidades, nós imos votar a favor desa Carta de Vitoria.

SR. FIGUEROA VILA: Nós tamén anunciamos o noso voto favorable e un pouco na liña que acaba de expresar a Voceira do Partido Socialista, é dicir, isto é un decálogo na defensa do municipalismo.

Coido que historicamente e visto o proceso democrático do noso País os municipios existían mesmo antes da Constitución. A partir daí constitúese unha norma fundamental para o desenvolvemento do Estado e neste proceso os municipios sempre foron os grandes esquecidos desas competencias, da descentralización pola que tanto estamos loitando nos últimos anos e supoño que moitos alcaldes e concelleiros van seguir loitando. Coido que a defensa do municipalismo se ve expresada nesta Carta de Vitoria.

Para lles dar un dato: do gasto consolidado do Estado os concellos só participan do 15%, o 40% pertence ás competencias autonómicas e o resto ó Estado. Dese gasto os Concellos sufragamos perto do 40% en competencias que non se nos deron pero que seguemos asumindo dende hai moitísimos anos. Vostedes ven o día a día que coido que é o que ten que marcar a sensibilidade dos cidadáns e de cada un de nós que neste caso representamos ós municipios e isto vennos dado polas demandas que presentan os veciños. Cando un veciño presenta unha demanda ¿ónde acude primeiramente? Coido que esa é unha reflexión que facemos moitas veces todos os municipalistas. Cando un cidadán ten un problema onde acude primeiramente é ó Concello, non lle preocupa se é competencia da autonomía ou do Estado e coidado que esta cidade deu exemplos historicamente do que estou a dicir. Aquí ó cidadán non lle preocupa se a competencia é da Xunta de Galiza ou do Estado central; ven ó Concello de Vigo como primeira instancia a que lle resolvamos os seus problemas e iso produce unha insuficiencia orzamentaria e económica nos Concellos. ¿De ónde ven ese desfase histórico de anos e o déficit dos concellos nos últimos tempos? Ven dado de que estamos atendendo competencias que non son propias, que son doutras administracións.

Se o discurso que se está facendo é ideolóxico evidentemente haino que respectar pero ó final o que nos compete ós que temos competencias é dar solucións ás demandas que presentan os cidadáns e coido que esta Carta de Vitoria vai nesa liña.

Primeiro téntase buscar un consenso. Claro que se está trasladando aquí un debate dun localismo claro e concreto á autonomía galega. É certo que o Alcalde da Coruña é Presidente da Federación Española de Municipios pero eu estou convencido de que esta Carta de Vitoria sería ratificada por todos os seus membros fose quen fose o seu Presidente porque a meirande parte dos municipios apoian este decálogo.

Coido que a exposición de motivos é perfectamente clara, fálase da insuficiencia económica e orzamentaria dos concellos para levar a cabo actuacións, fálase de que en canto á descentralización de competencias non se chegou aínda o límite e ás propostas que se fixeron dende os propios municipios, estase falando de garantir a representación dos poderes locais no Senado e eu non lle vexo ningún problema a que os municipios teñan unha representación no Estado, coido que é o máis lóxico e o máis razoable porque ó final ¿quen é a primeira institución que ten relación e proximidade co cidadán? O concello. As políticas saen dos cidadáns, do pobo e os que están máis perto do pobo son os propios municipios, os propios

concelleiros, os propios alcaldes ou alcadesas e que teñamos representación no Senado coido que é non só positivo, senón que hai tempo que a deberíamos ter.

¿Non se defende un novo estatuto do goberno local? Penso que todos defendemos as reformas para mellorar nas nosas posicións. ¿Un goberno local solvente? Estámolo reclamando todos os días porque logo fanse discursos nestes Plenos sobre os financiamentos que veñen doutras administracións. Agora estamos a discutir a supresión do IAE, que non son suficientes as contías por parte do Estado. ¿Non defendemos un goberno local de proximidade? ¿reformular os mecanismos de relacións intergubernamentais? Coido que tamén. ¿Un novo réxime de organización para os gobernos locais? ¿un estatuto de cargos electos locais? ¿modernizar a función pública local? ¿a institucionalización da FEMP? Coido que todos os puntos que están asinados nesta Carta de Vitoria comprenden o que estamos defendendo historicamente todos os municipalistas.

Polo tanto a min paréceme moi ben que se fagan discursos ideolóxicos ou políticos pero ó final a realidade ó que nos ten que levar é a tentar entre todos defender o municipalismo. Ademais hai unha cuestión moi clara: estamos reivindicando continuamente a descentralización con ese pacto local que seguramente é unha idea moi bonita pero ó final non se traduce en resultados, nin é pragmático, nin os mecanismos que estamos tentando defender se levan a piques.

Coido que este é un decálogo con moi boas intencións, asinado pola meirande parte dos municipios, por todos os municipios que están na FEMP e polo tanto dende o noso Grupo imos tentar apoialo.

Tamén dicirlles que por consultas coa FEGAMP, tamén está totalmente de acordo con este decálogo.

SR. SOTO FERREIRO: Señores do Partido Socialista e señores do Partido Popular, ¿cómo non estar a favor da defensa dos intereses dos concellos? Vostedes centran a súa defensa deste documento, porque son os seus argumentos e perfectamente comprensibles, nas vantaxes que se piden para os concellos empezando pola reclamación da débeda histórica, coma moi ben dicía a señora Porteiro, porque os concellos prestaron servizos que non lles foron remunerados en termos económicos, é dicir, que non se corresponde a distribución de gastos que hai no Estado co que os concellos están a prestar. Logo o dicía o Sr. Figueroa e mesmo falando de porcentaxes. ¿Cómo vou estar en contra diso?

Pero voulle dicir concretamente en contra do que estamos porque o que non estamos dispostos a aceptar é que, coma pedimos todas estas vantaxes económicas, pídolle “o trágala” en troques de que se fagan operacións anti-concepción do Estado das autonomías. A ningún prezo. Algúns non nos imos vender por algúns cartos, que quede claro, nin para os concellos nin para ninguén, por se é iso o que pode haber de transfondo no debate, porque iso mesmo se voltaría en contra dos concellos antes ou logo.

Cada quen ten o seu xeito de pensar pero algúns cremos na necesaria organización diferente do Estado para que ós concellos lles vaia mellor. Nós non coidamos que ós concellos galegos lles vaia ir mellor -con todos os respectos sexa dito- se pasado mañá nos representa no Senado un Alcalde de Córdoba, por dicir un algo; nin coidamos que ó Concello de Vigo lle vaia mellor porque no Senado nos represente, por exemplo, outro alcalde galego, dito tamén con todos os respectos.

Coido que vostedes están axudando a conformar unha organización perversa, non me confundín no termo porque ou non son conscentes do “cabalo de Troia” que esta Carta pode significar para o Estado autonómico e outros o queremos ser. Algúns diranme que podemos ter máis medo do debido pero en todo caso esta Carta empeza por ter un fallo moi grave: non foron quen da consensuar e non poden falar no nome do municipalismo non consensuando un tema deste calibre. É un fallo gravísimo que teñen non porque vostedes se decataram de que ese é un fallo moi grave, senón porque non lles importa o disenso que se monta a través desta Carta para obter ese “cabalo de Troia” anti-Estado autonómico. Mesmo nalgún caso para min sorprendente e digo sorprendente no caso do Partido Socialista porque mesmo semella certificar doutrinas que non son as que parecía estar apadriñando o Goberno do Sr. Zapatero e iso sorprendeume; así coma a dirección estatal do PP ven defendendo unhas teses tremendamente centralistas, nos últimos tempos non era así e semellaba que algúns podiamos ter esperanzas no que o Goberno do Sr. Zapatero estaba debuxando nalgúns aspectos, falábase de reformas constitucionais que son a antítese do que se está a promover nesta Carta. Non o comprendemos ou se o comprendemos é peor.

Non me digan as moitas cousas positivas que ten este documento. Eu fíxenno dun xeito xenérico porque quixen defender o que vostedes non defenden, pero lle vou dicir o que non que é moito máis fácil que lle dicir o que si para a nosa organización.

Sáquenme vostedes o que con moita intelixencia sacou, por certo, o señor representante do Bloque, Sr. Domínguez, é dicir o concello é de ámbito

territorial pero ¿non depende do Estado autonómico en nada? ¿vostedes queren conservar iso nunha Carta? Nós non o admitimos nin o admitiremos xamais porque vostedes a seguer tiñan que dicir de quen depende ¿ou non depende de ninguén? ¿un concello é un ente abstracto e libre que non depende de ninguén, que non ten relación organizativa con ninguén? A sensu contrario están a dicir que dependen só do Estado. Depende só do Estado e o Estado autonómico non existe se non ten ningunha dependencia. Iso é o que se pretende conformar e a iso non.

Non a que exista unha FEMP hexemónica sen que existan as Federaci3ns, neste caso das naci3ns ou rexions que o queiran ter coma a galega, coma a catalana ou coma outras. Eu non teño nada contra a organizaci3n provincial das rexions que queiran e deban ter organizaci3n provincial, non teño nada en contra sen3n todo a favor, pero os que pretendemos outro tipo e modelo de organizaci3n non estamos de acordo nin estaremos en desvirtuar o estado da Conferencia de Presidentes met3ndolle o Presidente da FEMP, nin estamos de acordo na organizaci3n do Senado.

Sr. Figueroa, vostedes falan da organizaci3n do Senado e ¿por qu3 non imos estar os Concellos no Senado? Pois si, e ¿no Congreso dos Deputados por qu3 non? ¿por qu3 non o cambian polo Congreso dos Deputados? Fagan o favor, deixen o Senado coma C3mara de organizaci3n territorial e metan os Concellos na C3mara dos Deputados.

3 unha broma porque m3is lonxe que nada do seu pensamento pol3tico, porque vostede 3 un dem3crata, xa o digo as3 de claro, por se acaso, pero para que non se confunda de argumento iso pod3a levarnos 3 broma de que antes exist3a a familia, o municipio e o sindicato; claro, o municipio si era de antes pero isto cambiou moito. Mire o que lle dixen xa de antem3n para que non se me mosquerara porque non 3a en ning3n sentido aludir 3 s3a liña de pensamento, pero a s3a liña argumental sen o querer si que se pode desviar cara a3 porque ¿qu3 3 iso de que exist3a antes? ¿se exist3a antes non o imos organizar xamais ben? ¿imos ser uns inmobiliistas absolutos que non cambiemos nada porque exist3a antes outra cousa? De ning3n modo. T3ñoeno f3cil, ¿queren consensuar? Saquen as catro cousas que lle acabo de dicir do documento e eu v3tollo a favor.

As promesas son promosas pero sen d3bida que n3s nos apuntamos encantados a pedir promesas con vostedes se nos quitan o cabalo de Troia, se nos quitan esas premisas que lles acabo de definir claramente que son contra o Estado auton3mico porque son claramente atentatorias.

Dicía contra o Estado autonómico e xa non digo nada contra do que viña falando ultimamente o Goberno do Partido Socialista pero é que algúns concebimos esta España -chámenlle coma queiran que eu nunca teño problema coa definición- nación de nacións, coma un estado plurinacional, coma queiran pero coma queiran algúns sabemos de qué queremos falar e isto non só non vai nesa dirección que preconizaba o Goberno do señor Zapatero senón que dá sete pasos cara atrás cun ataque frontal polas razóns que lles acabo de dicir ó Estado autonómico.

Polo tanto dixen o que dixen ó principio, votaríamos mil veces non a este documento porque nunca se pode basear un suposto benestar dun pobo se realmente a ese pobo lle negas a existencia. Este documento de feito é un "trágala" para lle negar a existencia ás nacións, ós países que conforman o Estado español, un deles Galiza. Por iso eu nunca podería votar a favor dese documento e vostedes que o deben saber elixiron un documento que non pode ter o consenso. Son vostedes os responsables dese documento, responsables de non facer o consenso, vótenno e alá vostedes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Brevemente e sinxelamente para dicir dúas cousas. A primeira é que non é bo costume sempre que hai discrepancia nun tema darlle a volta e aludir a que os que non estamos de acordo con esta declaración que é a Carta de Vitoria non estamos de acordo co municipalismo, para nada. Coido que no caso do BNG demostramos historicamente o noso compromiso e o noso traballo nos Concellos alí onde estamos.

Polo tanto non se trata diso, non se trata de ir en contra do municipalismo porque isto tampouco é máis ca unha declaración. Claro que estamos de acordo en que haxa máis transferencias para o Concello, en que se estude e se debata un novo plan de financiamento dos concellos e as reformas fiscais que sexan necesarias, pero na Carta de Vitoria non se fala de leis nin de medidas para acadar iso, é unha Carta e unha declaración de intencións que logo loxicamente esas intencións van ser, queirámolo ou non, aqueles organismos coma as Cortes do Estado, ou coma os propios Parlamentos das distintas nacións os que teñen que efectivizalas e concretizalas porque para min un gravísimo erro que se contempla nesta Carta é que os concellos non teñen capacidade lexislativa.

Polo tanto non é que esteamos en contra do municipalismo, nin de que concellos coma o de Vigo teñan máis recursos e que esa débeda histórica á que vostedes aludían efectivamente se cumpra. Non estamos para nada en contra diso, pero si estamos en contra de que partindo desta declaración se

pretenda desvertebrar por riba do que é o noso propio ámbito de actuación que é o noso País e esta declaración, asumida coma declaración, ten unha filosofía moi clara que é baleirar de poder ó maior órgano representativo do noso País coma é o Parlamento e en resumo coma é a Comunidade Autónoma. Dentro dese ámbito e desa vertebración por suposto que defendemos o que faga falla, o municipalismo e as medidas correctoras necesarias para que os concellos funcionen mellor, pero dende ese ámbito e non dende outro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e dez votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido e Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

A conmemoración, en Vitoria, do 25 Aniversario dos Concellos Democráticos puxo de manifesto o extraordinario papel que os gobernos locais representaron no desenvolvemento social, económico e cultural do que gozou España neste período de convivencia democrática.

A ollada a este pasado, vivido como propio e do que foron protagonistas milleiros de persoas que contribuíron a escribir a historia do municipalismo español, convértese hoxe nun activo de futuro e unha potente panca para xerar novos pulos de benestar cidadán.

Os gobernos locais somos Estado, formamos parte da estrutura territorial do Estado, somos institucións políticas constituídas a través da decisión democrática das e dos cidadáns, cos nosos propios órganos de goberno, de xestión, de control e fiscalización da acción de goberno, a nosa capacidade regulamentaria e mesmo a nosa capacidade xurisdiccional.

Ao longo destes 25 anos as corporacións locais asumimos, con responsabilidade, funcións e competencias que deron resposta en todo momento ás demandas dos nosos veciños, que ven nos entes locais a primeira liña do Estado.

Durante este período, incorporamos progresivamente a prestación de servizos á cidadanía, co conseqüente gasto de recursos propios derivado do exercicio de competencias de substitución, en múltiples cuestións de carácter eminentemente social. O exercicio continuado destas "competencias impropias", foi acumulando unha débeda ao longo deste tempo que constitúe a primeira das nosas reivindicacións, froito do exercicio reiterado das competencias de substitución doutras administracións públicas.

As nosas propostas nacen da unanimidade, froito do consenso, e de que as nosas carencias, necesidades e problemas son os mesmos. Desta reflexión xorde o documento que coñecemos co nome de "Carta de Vitoria".

O Decálogo do Municipalismo do Século XXI que recolle a Carta de Vitoria constitúe a declaración dos poderes locais que marca o horizonte dos próximos anos en torno a actuacións preferentes de: garantir a solvencia económica e financeira, delimitar o listado de competencias locais no proceso de reforma dos estatutos de autonomía, a consolidación da representación institucional e política dos gobernos locais no Senado.

É a hora de realizar, co apoio e o consenso de todas as institucións do Estado, unha aposta decidida para lle dar a resposta que o municipalismo español vén demandando, para isto é preciso impulsar a adopción das seguintes medidas:

DECÁLOGO DO MUNICIPALISMO DO SÉCULO XXI

Garantir a representación dos poderes locais no Senado.

O artigo 137 da Constitución organiza territorialmente o Estado en municipios, provincias e comunidades autónomas. Para que o Senado poida desenvolver a identidade de cámara territorial que lle confire o artigo 69 da Constitución, a súa composición debe ser fiel reflexo desa estrutura, integrando tanto a representación das comunidades autónomas coma a dos gobernos locais, tal como se fixo ao fixar a representación do Reino de España no Comité das Rexións da Unión Europea.

Un novo estatuto do goberno local.

O recoñecemento constitucional dos municipios, das provincias e illas como nivel de goberno territorial autónomo require para a súa efectividade, o establecemento dun ámbito competencial propio, que lles permita xestionar unha parte importante dos asuntos públicos baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio das e dos seus veciños, así como un sistema de financiamento que lles garanta recursos suficientes para o seu axeitado exercicio. España debe aplicar os principios de autonomía local subscritos nos tratados internacionais representados polo noso estado, tal como a Carta Europea de Autonomía Local.

Un goberno local solvente.

O principio constitucional de suficiencia financeira garántelles aos gobernos locais os medios necesarios para desenvolver aquelas funcións que se lles atribúan, dotándoos de recursos que permitan asegurar que as competencias asumidas, sexa cal sexa a orixe destas, van exercitarse a plena satisfacción dos veciños e ademais cun importante aforro de medios polo interese e proximidade na xestión.

A reforma que se estude, debe considerar unha conexión entre competencias e medios axeitados para as exercitar, deseñando un novo financiamento local con medios propios e transferencias incondicionadas do estado e comunidades autónomas, en función das competencias que desenvolvan e establecendo os mecanismos de nivelación necesarios para garantir a equidade.

Os poderes locais deberán ser compensados pola débeda histórica acumulada ó longo destes anos a causa da prestación de servizos por parte dos Concellos, substituíndo a non presenza dos outros poderes do Estado.

Un goberno local de proximidade.

Nos termos da *Carta europea de autonomía local*, os gobernos locais terán o dereito e a capacidade efectiva de ordenar e xestionar, nese espazo propio do que falamos, unha parte importante dos asuntos públicos, aplicando como norma xeral o chamado principio de subsidiariedade.

A garantía de prestación dos servizos públicos de calidade en todo o territorio será articulada mediante entes locais intermedios (deputacións, mancomunidades, comarcas...) que permitirán que todas aquelas competencias ou servizos, que interesen á comunidade veciñal, sexan prestados por institucións locais de ámbito municipal ou supramunicipal.

Reforzar os mecanismos de relacións intergubernamentais.

As relacións de colaboración e cooperación entre as administracións públicas requiren bo funcionamento dunha organización pública fortemente descentralizada. O incremento da cooperación local coa Administración do Estado e as comunidades autónomas require a consolidación de mecanismo e fórmulas de cooperación conxunta entre Estado, comunidades autónomas e gobernos locais, aplicando o principio de subsidiariedade como forma de distribución de funcións e competencias entre as tres administracións.

Un novo réxime de organización para os gobernos locais.

O recoñecemento para a capacidade normativa do Estado das comunidades autónomas e das entidades locais debe ir acompañado da consolidación do principio de autonomía local que leva consigo o valor de ordenanzas e regulamentos que aproban os gobernos locais xunto co desenvolvemento organizativo como auténticas institucións de goberno.

Un estatuto dos cargos electos locais.

Case vinte anos despois da aprobación da *Lei de bases do réxime local*, a experiencia acumulada durante este tempo aconsella proceder a unha auténtica revisión do estatuto dos cargos electos locais que garanta o pleno desenvolvemento das súas funcións como lexítimos representantes democráticos do pobo soberano. Así como outorgarlle os mesmos dereitos sociais que a calquera cidadán cando deixe de ocupar o cargo público para o que foi elixido.

Modernizar a función pública local.

Impulsar unha política de recursos humanos integrada que permita a todos os empregados públicos locais desenvolver plenamente as súas actitudes, co fin de acadar que a función pública se adapte ás esixencias improrrogables da crecente sociedade da información e novas tecnoloxías co fin de lograr unha mellor prestación de servizos fronte ao cidadán.

A institucionalización da FEMP.

É o paso necesario para lograr o recoñecemento efectivo do papel desenvolvido polos gobernos locais nos últimos vintecinco anos e para restablecer o equilibrio de representación que require o mandato constitucional de configuración territorial do noso Estado de Dereito. A través da FEMP, os poderes locais españois estarán representados en todos os consellos e conferencias sectoriais do Estado, onde se debatan e decidan as políticas territoriais.

O presidente da FEMP será membro nato da Conferencia de Presidentes.

Os poderes locais son á vez órganos de xestión e institucións públicas.

Son parte integrante do Estado e conforman un dos tres niveis da súa estrutura administrativa, gozando de plena autonomía nas funcións que lles son propias e non sendo en ningún caso institucións de ámbito autonómico.

Por todo isto, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Ratificar a Carta de Vitoria, aprobada pola Comisión Executiva e o Consello Federal da FEMP nas súas reunións do 14 de decembre de 2004.

SEGUNDO.- Remitirlle este acordo ao presidente do Goberno do Estado e ao presidente da Comunidade Autónoma de Galicia.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excmo. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.